

“RADARES XUVENÍS”

➤ DOCUMENTACIÓN XERAL QUE HABERÁ QUE PRESENTAR

- Solicitude de participación na convocatoria.
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI).
- Certificado acreditativo de que se atopa matriculado/a no centro educativo.
- *Curriculum Vitae** no que se indique, se é o caso, a pertenza a asociacións, clubs deportivos ou ONG's, así como a participación en actividades extraescolares.
- No caso de ser menor de idade terá que presentar unha autorización do titor/a legal, axuntando a fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) do mesmo. Dita autorización se pode recoller na conserxería do centro ou na OIX.
- Os/as candidatos/as deberán presentar por escrito as razóns para participar neste proxecto.

* **Nota:** No caso de pertencer a algunha asociación, club ou ONG, ou participar en actividades extraescolares é necesario presentar o certificado que o acredite.

➤ PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude de participación e a autorización do/a titor/a legal do/a alumno/a estarán a disposición dos/as estudantes na OIX (Oficina de Información Xuvenil) situada no **Centro Social Uxío Novoneyra, 3º andar**, no seguinte horario: mañás de 9:00 a 14:00 horas e polas tardes de 16:30 a 19:00 horas e na Casa da Xuventude, situada na rúa Xesús Bal e Gay, no seguinte horario: mañás de 10:00 a 13:30h e de 16:30h e de 21:30h. O **prazo de entrega da documentación** será dende o día de presentación da actividade **ata 14 de xaneiro de 2012**, ámbolos dous incluídos.

En un prazo máximo de 5 días, expoñerase no taboleiro informativo de cada un dos centros educativos e na OIX a data e horario para a fase de entrevistas. Unha vez seleccionados/as os/as alumnos/as a OIX encargarase de chamar telefonicamente os/as beneficiarios/as.

Os/as “Radares” deberán cumprir as seguintes premisas:

- Intermediación entre a OIX e os/as alumnos/as do centro, isto implica:
 - ⇒ Recollida de material na OIX unha vez á semana ou nos períodos que a Concellería estableza. Transmisión periódica desta información, encargándose de clasificala e actualizala, e debendo animar ós/ás compañeiros/as a que participen nas actividades e aporten novas iniciativas e ideas.
 - ⇒ Manter o taboleiro informativo onde estean ubicados os/as “Radares Xuvenís” e telo permanentemente actualizado e ordenado.
 - ⇒ Informar das propostas ou suxestións recollidas no centro e achegalas á OIX nos períodos establecidos.
 - Así coma recoller calquera colaboración que aporten os/as seus/súas compañeiros/as.
 - Fomentar as iniciativas e o asociacionismo dos/as alumnos/as do centro.
 - Adicar dous recreos e dúas horas unha tarde á semana (este horario será flexíbel dependendo da apertura do centro) a permanecer no local asignado polo centro para atender tanto ós/ás usuarios/as coma para levar a cabo as obrigas que impliquen a súa permanencia.
 - Concorrer a dúas reunións mensuais, que se celebrarán nun lugar a determinar: unha co persoal da OIX e outra cos/as Radares Xuvenís dos outros centros. Tamén deberán concorrer ás reunións de carácter extraordinario que se realicen.
 - Solicitar os correspondentes permisos para empregar os recursos do centro educativo onde estean ubicados os/as “Radares” (fotocopiadoras, megafonía,...) no desempeño das súas funcións de difusión informativa.
 - Entregar á dirección do IES, ou persoa en quen delegue, copia de todas as informacións subministradas que se refiran aos campos de interese dos/as alumnos/as (campañas educativas, subvencións, programas especiais)
 - Mantemento dun blog ou páxina nas redes sociais, así como un contacto permanente cos socios deste programa no estranxeiro.
 - Colaborar activamente en todas as actividades vinculadas ó programa Radares Xuvenís que contribúan a fomentar a participación xuvenil e a proxección de dito programa a nivel local, nacional e europeo.
- Os “Radares” recibirán unha bolsa por valor de 50€ mensuais a cargo da Concellería de Xuventude. Estes non terán ningunha relación laboral co Concello, simplemente son beneficiarios/as dunha bolsa.